



XUNTA XERAL ORDINARIA DE COLEXIADOS DO 3 DE SETEMBRO DE 2020

COLEXIO OFICIAL DA ARQUITECTURA TECNICA DE OURENSE

En Ourense, as dezanove horas e trinta minutos do día 3 de setembro de 2020, reúnen no local centro cultural “Marcos Valcárcel” os colexiados asistentes e os membros da Xunta de Goberno, conforme á seguinte orde do día:

Fai a presentación o Presidente Dario López agradecendo o colectivo a súa asistencia.
Agradece ó Presidente saínte Don Ignacio de Juan os seus anos de adicación o Colexio.

Punto nº 1. Informes do Presidente.

O presidente pon en coñecemento dos asistentes a xubilación do Juan Novoa, que estivo á fronte do Colexio ata Marzo, como xa se comunicou mediante unha circular informativa. Destacando a súa labor e agradecendo publicamente a adicación o longo de tantos anos así como o apoio e labor realizada durante o confinamento, etapa na cal xa estaba xubilado pero seguiu prestando os seus servizos.

No mes de Marzo, unímonos a plataforma por unha intermodal digna para exixir que se mellore o proxecto dende o Goberno Central e demais entes intervincentes.

Durante o confinamento, condonamos as cuotas dos meses de abril e maio e aprazouse dous meses o pago dos recibos de Musaat, trasladando os mesmos aos meses seguintes.

Agradecemos tamén a os traballadores do colexio durante o reparto de mascarar en distintas datas facéndose reparto tamén por zonas (O Barco, Verín, O Carballiño, etc.

Ponse a disposición dos colexiados o despacho do Presidente para encontros dos colexiados con clientes, despacho que se poderá usar mediante solicitude e declaración responsable entregada no colexio por vía oficial. O horario de uso será o mesmo que o do Colexio e sen custo.

Conclúíuse a lista de interinos do Concello de Ourense, procedéndose xa a contratación dos dous aspirantes de maior puntuación, os que damos a noraboa.

O día da muller, celebrouse unha mesa redonda a que asistiron colexiados e colexiadas, na que un grupo de arquitectas técnicas de distintas idades nos contaron as súas experiencias na profesión.

De marzo a xuño recadou información por medio de un comité de expertos e fíxose un manifesto que está a disposición dos colexiados na web.

Recordase o cambio de nome do colexio debido a inclusión da linguaxe inclusiva, quedando o nome da “Arquitectura Técnica”

Nas listas que abriu o Consello en convenio ca agrupación de Municipios, das cales se deu publicidade a través de circular informativa, so se anotaron dúas persoas en A Coruña e tres en Pontevedra, ningún anotado en Ourense e Lugo.

No consello Xeral acordouse a unión entre PREMAAT e HNA, estando actualmente o acordo pendente de elevación a público. Mantéñense as condicións actuais polo momento.

Estase modificando a páxina web, por unha mais actual, mais dinámica e con mais parecido o resto dos colexios galegos nas zonas de acceso dos colexiados....faise unha pequena presentación para ós asistentes. Pretendese que esté lista a finais de mes.

Alberto Pato fai un inciso dicindo que debería haber unha guía para cando hai modificacións ir actualizándoa.



Punto nº2 Lectura e aprobación, se procede, das contas do colexio no exercicio 2019.

Faise a lectura das contas adiantada cá convocatoria por parte do tesoureiro David Morenza.

Precedese a votación: Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Apróbanse por unanimidade

Punto nº3 Lectura e aprobación, se procede, da memoria e actividades do Colexio durante o exercicio 2019.

Faise a lectura da documentación adiantada cá convocatoria por parte da secretaria Rosa Mª Suárez

Precedese a votación: Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Apróbanse por unanimidade

Punto nº4 Rogos e preguntas

- Dario expón o tema dos cambios na asesoría fiscal xa que a finais de xullo causou baixa na empresa Susana, recoñecendo dende aquí a súa labor co noso colectivo. Carlos Abella preséntanos a nova persoa que vai ocupar o seu cargo, unha persoa con un amplo curriculum. O colectivo ten un convenio cá empresa Abella y Amor ata decembro de 2020, e a intención da Xunta de Goberno é continuar co servizo ata dita data.
- Emilio López fai un rogo para dicir que se faga unha despedida de xubilación a Juan como xa se fixo anteriormente con Rafael Torrado. Dario comenta que ese acto íase a facer na cea que se celebra anualmente e que tivo que anularse dúas veces debido ó Covid-19.
- Javier Riestra comenta que na memoria presentada, de coordenadas xeorreferenciadas só hai dous rexistros e debese de recordar que é importante facer o rexistro para contar có seguro de responsabilidade. Comentando Dario que é importante chegar ós colexiados para convencelos de que visen e rexistren os traballos. Comenta que no resto de colexios pasa o mesmo, o colectivo non está moi vinculado co colexio a no ser para as xestións necesarios e obrigatorias.
- Comenta Dario que se intentou facer un primeiro contacto cós novos colexiados pero só foi posible facelo con un deles.

Punto nº5 Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asamblea, con designación de dous colexiados asistentes como interventores da mesma.



Facendo os honores coa súa asinatura, os colexiados:

José Manuel Rey Lorenzo

Emilio López Fernández

Sen más temas que tratar, remata a sesión ás 20:30 h.

Vº. Pº .Darío López Fernández
Presidente

Rosa Suárez González
Secretaria

